

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**11219** *Real decreto 884/2011, do 24 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1519/2007, do 16 de novembro, polo que se establecen os coñecementos e requisitos mínimos para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca.*

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 42 que o Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector no marco do sistema educativo xeral, establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do ministro de Fomento. Esta competencia, froito da nova organización departamental producida en virtude do Real decreto 432/2008, do 12 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e do Real decreto 438/2008, do 14 de abril, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, é asumida na actualidade polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, no seu artigo 86.9, dispón que é competencia do Ministerio de Fomento a determinación das condicións xerais de idoneidade, profesionalidade e titulación para formar parte das dotacións dos buques civís españois, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en canto ás dotacións dos buques pesqueiros.

O Real decreto 1519/2007, do 16 de novembro, polo que se establecen os coñecementos e requisitos mínimos para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca, establece no parágrafo terceiro da súa disposición transitoria única o prazo máximo para levar a cabo a troca do certificado de competencia de mariñeiro pola tarxeta de mariñeiro pescador.

A aplicación do real decreto puxo de manifesto que, aínda que a citada troca foi efectuada de forma maioritaria polos profesionais do sector, por diversas causas un número importante de mariñeiros non a puido levar a cabo. Entre os traballadores que non puideron efectuar a substitución do certificado de competencia de mariñeiro, encóntranse profesionais, nalgúns casos de idade avanzada, que non tiveron ao longo da súa vida outra ocupación que a pesca, cuxa capacidade profesional é indubidable. Estes traballadores, coa normativa actual, veríanse obrigados a realizar un curso sobre materias das cales posúen sobrados coñecementos, acreditados polo feito de estaren en posesión do certificado de competencia de mariñeiro.

Polo exposto no parágrafo anterior, e mantendo a obrigatoriedade de estar en posesión da tarxeta de mariñeiro pescador para exercer de tripulante subalterno nos buques dedicados á pesca ou a auxiliar de acuicultura, considérase conveniente ampliar o prazo, determinado na disposición transitoria única do Real decreto 1519/2007, para efectuar a troca do certificado de competencia de mariñeiro pola tarxeta de mariñeiro pescador.

Este real decreto ten por obxecto establecer un período indefinido para efectuar a troca do certificado de competencia de mariñeiro pola tarxeta de mariñeiro pescador.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e oído o sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co ditame do Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1519/2007, do 16 de novembro.*

O Real decreto 1519/2007, do 16 de novembro, polo que se establecen os coñecementos e requisitos mínimos para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca, queda modificado do seguinte modo:

O parágrafo terceiro da disposición transitoria única queda redactado como segue:

«A troca do certificado de competencia de mariñeiro pola tarxeta de mariñeiro pescador poderase levar a cabo por tempo indefinido. Aqueles traballadores que, tras solicitar a troca do certificado de competencia de mariñeiro pola tarxeta de mariñeiro pescador, aínda non recibisen esta última, poderanse seguir enrolando en buques de pesca co certificado de competencia de mariñeiro ata a recepción da referida tarxeta.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO